



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SADA

##### Secretaría

*Resolución da convocatoria para a concesión do desempeño en comisión de servizos do posto de técnico de administración xeral de urbanismo, medio ambiente e policía urbana*

O 20 de novembro o alcalde do Concello de Sada ditou a resolución núm. 2516/2020, que a continuación se transcribe literalmente:

“Considerando que polo Decreto núm. 2226/2020, do 21 de outubro, aprobouse a convocatoria para a cobertura a través de comisión de servizos do posto de técnico de administración xeral de urbanismo e medio ambiente e policía urbana (cód. RPT: 090002) polo período de un ano prorrogable prorrogable por tempo igual, agás interrupción polas causas legalmente establecidas ou cobertura definitiva do posto (BOP núm. 180, 27-10-2020)

Resultando que rematado o prazo de presentación de instancias só se presentou o aspirante D. Hipólito José Ramón Pérez Novo, co DNI núm. \*\*44192\*\*, funcionario de carreira da Xunta de Galicia, o cal cumpre os requisitos necesarios.

Valorada á experiencia do dito aspirante como funcionario en escalas equiparadas á da Administración Local de administración xeral, subescala técnica, subgrupo A1, en postos con funcións relacionadas ao posto convocado, acadou a puntuación de: 5 puntos, consonte ao baremo establecido como criterio de selección.

Considerando que o interesado presentou o informe favorable á comisión de servizos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia (Axencia de Protección da Legalidade Urbanística).

Considerando o disposto no artigo 64 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal do Estado ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e Promoción Profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

Considerando a idoneidade do único aspirante presentado, en base ao disposto na convocatoria e de conformidade coas atribucións que me confiren o artigo 21.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVO:

1.º.–Conceder a D. Hipólito José Ramón Pérez Novo, co DNI núm. \*\*44192\*\*, licenciado en dereito, funcionario de carreira da Xunta de Galicia, do corpo facultativo superior, escala de inspección urbanística, grupo A, subgrupo A1, en situación de servizo activo, unha comisión de servizos polo prazo de un ano para ocupar o posto de técnico de administración xeral de urbanismo, medio ambiente e policía urbana do Concello de Sada.

2.º.–Notificar esta resolución ao Sr. Pérez Novo.

3.º.–Publicar á adxudicación da comisión de servizos no BOP da Coruña. A partir do día seguinte da data de publicación transcorrerá o prazo establecido na convocatoria para a toma de posesión.”.

O que se publica para xeral coñecemento.

Sada, 20 de novembro de 2020.

O alcalde

Óscar Benito Portela Fernández

2020/8686